

## DOMINGO DE PENTECOSTÉS (C)

### **PRIMEIRA LECTURA** Feit 2, 1-11

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

Cando se cumpriron os días de Pentecostés, estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito. Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de tódalas nacións da terra. Ó se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros:

"¡Olla! ¿E todos estes que están aí a falar non son galileos? ¿E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus".

### **SALMO RESPONSORIAL** Sal 103, 1ab e 24 ac. 29bc-30. 31 e 34

Alma miña, bendí o Señor.  
Señor, meu Deus, ti es moi grande,  
¡Cantas son, Señor, as túas obras,  
A terra está chea das túas criaturas.

Retíra-lo teu alento, e expiran,  
volvendo ó seu po.  
Mánda-lo teu alento, e son creados  
e renóva-la cara da terra.

Gloria ó Señor por sempre,  
alégrese o Señor coas súas obras.  
Que El acolla o meu cantar  
e alegrareime eu no Señor.

**SEGUNDA LECTURA** 1 Cor 12, 3b-7. 12-13

Lectura da primeira carta do Apóstolo San Paulo ós Corintios

Irmáns: Ninguén que diga "Renegado sexa Xesús", fala movido polo Espírito de Deus; e ninguén é capaz a dicir "Xesús é o Señor", se non é baixo o influxo do Espírito Santo. Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servicios, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos. A cadaquén dásele a manifestación do Espírito para o ben común. Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo: así tamén Cristo. Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

**EVANXEO** Xn 14, 15-16. 23b-26

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Se me amades, gardaréde-los meus mandamentos, e eu rogareille ó Pai, e daravos outro Paráclito para que decote estea convosco. - Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. O que non me ama, non garda as miñas palabras; e a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou.

Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen.